



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DE ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA NAS RUTAS DE ACCESO POLO NORTE Á CIDADE DE LUGO.

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/055.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2026

Lugo, 12 de marzo de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTADO DE DIRECCIÓNS

EXPTE: 3162-XURADO

CLAVE: LU-22-217-06

OBRA: Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, avenida de Breogán (Lugo).

PREDIO	TITULAR	DIRECCIÓN
5	CABANAS TALLÓN ANTONIO (HDOS. DE)	LG. CARBALLIDO FAZAY Nº 15 27146 LUGO
10	CEDRÓN DOAMO TERESA (HDOS. DE)	C/ ARMADA ESPAÑOLA, 3 BL 29- 6ºD 15406 FERROL (A CORUÑA)
12	MOSQUERA TIMIRAO TOMÁS SANTOS DÍAZ MARÍA DEL CARMEN	R/ CENTOLLA Nº 12-1º 1 27004 LUGO
3	SÁNCHEZ ROMAY JOSÉ SÁNCHEZ ROMAY MARÍA LUZ	LG. RECIMIL 27140 LUGO
8	SILVOSA BELLÓN PILAR (HDOS.)	LG. ROMEAN Nº 1 27141 LUGO

R. 0666

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio económico 2026, segundo o acordo adoptado en sesión ordinaria do Pleno, celebrada o día 04 de febreiro do 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito orzamento

ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de UN MILLON QUINIENTOS TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS OITENTA E OITO EUROS correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo.	Importe (euros)
1.- GASTOS DE PERSOAL	931.688,00
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	381.700,00
3.- GASTOS FINANCIEROS	4.400,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	144.700,00
6.- INVERSIÓNS REAIS	73.900,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.536.388,00 EUROS

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Importe (euros)
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	356.000,00
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	57.288,00
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	218.500,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	852.700,00
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00
6.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	51.900,00
8.-ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS	1.536.388,00 EUROS

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o plantel de persoal desta Corporación para o exercicio 2026, que, de acordo co preceptuado no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Denominación	Nº	Grupo	Escala	Subescala	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1	H. Nacional	Secreta.-Interv.	29	O
Técnico de xestión de Administración Xeral	1	A2	Adm. Xeral	Xestión	25	O
Traballadora social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	25	O
Auxiliar administrativo	1	C2	Adm. Xeral	Auxiliar	18	O
Operario conductor	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiales	18	O
Axudante de servicios múltiples	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	14	O
Alguacil-Celador de obras E servicios	1	E	Adm. Especial	Adm. Especial	14	L

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Denominación	Nº de Plazas
Auxiliar de Axuda no fogar (10 prazas proceso de estabilización de emprego)	10
Unha ordenanza-coidadora do albergue (proceso de estabilización de emprego)	1
Unha limpadora a xornada completa (proceso de estabilización de emprego)	1
Unha limpadora a xornada parcial (proceso de estabilización de emprego)	1

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Auxiliar de axuda no fogar	5
Operario de desbroces (convenio de prevención de incendios coa Consellería do Medio Rural)	1
Personal programa “Reforzo de Emprego” Plan de Cooperación cos concellos Deputación Provincial de Lugo 2025 (dous/as peóns, dous conductores/as de maquinaria e un/ha auxiliar administrativo/a).	5
Peóns forestais (programa Aprod rural) 2025	2

Contra a aprobación definitiva do orzamento, de conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Baleira, 12 de marzo de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0667

CERVO*Anuncio*

Aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de 10 de marzo de 2026, os expedientes de modificación de crédito núm. 4/2026 por crédito extraordinario núm. 1/2026, modificación de crédito núm. 5/2026 por suplemento de crédito núm. 1/2026 e modificación de crédito núm. 6/2026 por suplemento de crédito núm. 2/2026 dentro do vixente Orzamento Municipal para 2026, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público nas dependencias do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 17 de marzo de 2026. A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0702

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía 2026-0187, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, que contén os seguintes postos de traballo:

A) PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

GRUPO/ SUBGRUPO	ESCALA/DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
C1	TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E REDES LOCAIS	1	Acceso Libre

B) PERSOAL LABORAL FIXO

GRUPO	CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SISTEMA DE ACCESO
C2	ENCARGADO ELECTRICISTA	1	Acceso Libre
C2	ENCARGADO DE INFORMACIÓN E REXISTRO (RELEVISTA)	1	Acceso Libre
Agrupacións Profesionais	PEÓN SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO	1	Acceso Libre

Contra o Decreto de aprobación da Oferta de Emprego Público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición potestativo ante esta Alcaldía no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Cervo, 17 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Dolores García Caramés.

R. 0703

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 13 de marzo de 2026, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xaneiro das liquidacións da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 6º bimestre de 2025 das taxas de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 19 de marzo ao 21 de maio de 2026. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 13 de marzo de 2026.- A alcaldesa, M.^a Dolores García Carames.

R. 0704

O CORGO*Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
DOMINGO RODRIGUEZ ARROJO	POLÍGONO 45 PARCELA 151	QUEIZÁN

O Corgo, 13 de marzo de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0668

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **Febreiro 2026**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência e dependencia correspondente a mes de **FEBREIRO 2026**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrência: 2943,00 €

- Modalidade dependencia: 4891,95 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **FEBREIRO** de 2026, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 9 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0669

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo da Escola Municipal de Música correspondente as matrículas e liquidacións do segundo semestre do curso 2025/26, que comprende un total de 60 recibos por un importe de 3.615 euros.

O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo da Escola Municipal de Música correspondentes as matrículas e liquidacións do primeiro semestre do curso 2025/26, terá lugar dende o día 16/03/2026 ao 18/05/2026 (ambos incluídos).

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 12 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0670

MURAS*Anuncio*

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS DO ANO 2025

Exposición de motivos

Galiza é unha potencia enerxética, somos un país que exporta unha boa parte da enerxía que produce, e non é de agora, pois xa no ano 1961 Galiza chegou a exportar o 76,6% da electricidade producida. Segundo o último estudio

enerxético do INEGA, que fai referencia a datos do 2012, exportamos arredor do 40% da enerxía que producimos, tendo en conta que o 10% da potencia instalada de España, está en Galiza. E segundo eses mesmos datos, as exportacións de enerxía transformada e xerada en Galiza aumentaron nun 19,8% no 2012.

O 34% da enerxía primaria galega procede do vento, que é o recurso natural que se explota no noso concello e seguindo os datos mencionados do ano 2012, queremos sinalar que no noso país existen 153 centrais eólicas, das que 20 están aloxadas no noso municipio e contan con 381 muíños eólicos. A potencia instalada eólica de Galiza era de 3.313 MW (o 31% do Estado Español), e produciu nese mesmo ano 8.059 GWh (o 27.25% do Estado Español), namentres, só consumimos 693 Ktep. Nese ano 2012, a electricidade procedente de fontes renovábeis, supuxeron o 66.4% da electricidade consumida en Galiza, alcanzando cotas maiores noutros anos, como no 2010, que chegou ao 94.5%. Observamos pois, que a electricidade xerada é maior que a consumida, pois a vista queda que temos taxas de autoabastecemento moi significativas. En definitiva, fica claro que Galiza é netamente exportadora de enerxía eléctrica, o que nos converte nunha potencia enerxética, como anotabamos ao principio, e soportando importantes custos sociais e ambientais, mais nunca esta capacidade repercute en beneficio do pobo galego e da súa economía, como imos ver a continuación.

A coñecida como factura da Luz subiu nos últimos dez anos, case o 80%, para os consumidores finais. O prezo da electricidade aumenta, aportando grandes beneficios ás empresas enerxéticas, en boa medida grazas aos cambios normativos das reformas eléctricas, facilitados polos gobernos do Estado en Madrid e pola Comisión Europea en Bruselas. Houbo un incremento do 150,1% do prezo do kilovatio de potencia contratada, con respecto ao vixente en 2005, e do 66,2 % do prezo do kilovatio-hora consumido. Na lexislatura 2012-2015 produciuse a gran subida, que foi dun 16,2% e representou arredor de 500 euros acumulados para o usuario medio.

O ano pasado entrou en vigor a nova factura da luz, deseñada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e que supuxo un novo incremento dos prezos tarifarios, posto que o prezo mais caro do ano pasado pasou a ser o prezo máis barato no tramo horario (tarifa val). Con este novo sistema, demostrouse no caso dos consumidores que xa estaban acollidos a peaxes con diferenciación horaria -uns 10 millóns- que co novo esquema a factura de peaxes e cargos aumentará o prezo, e non se aforrará como pretendían coas novas medidas. Dende febreiro deste ano 2021, coa aparición da guerra en Ucraína, a crise enerxética empeorou, ao subir novamente os prezos da luz, debido á dependencia europea do gas ruso para producir electricidade, e tamén debido á seca de auga que asolou toda Europa, consecuencia do cambio climático, impedindo a produción de enerxía hidroeléctrica. Todas estas circunstancias agravaron a situación existente, e de feito, o recibo eléctrico para un usuario medio alcanzou os 158 euros no mes de agosto, o que representa un incremento do 70% con respecto aos 93 euros de hai un ano e do 146% respecto dos 64 euros de agosto de 2020. Desta forma, situouse o recibo da luz como o segundo máis caro da historia, segundo datos da asociación Facua-Consumidores en Acción, a pesar das medidas adoptadas polo goberno do estado, como o rebaixe do IVE na factura da luz, ou a posta en marcha da “excepción ibérica” para limitar o prezo do gas no mercado maiorista.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifas únicas, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos. Galiza debería ter unha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Segundo datos recentes en Galiza unhas 187.119 persoas, o 18 % do total da poboación, teñen dificultades para aboar as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción). Podemos definir a situación de pobreza enerxética cando unha unidade de convivencia ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas-electricidade) da súa vivenda, e son moitas as familias que se atopan nesa situación. Vemos pois, como nos últimos anos, a pesares de aumentar a potencia instalada en Galiza e os beneficios das empresas eléctricas, os prezos da electricidade seguen incrementando, sen que repercuta ningún beneficio nos galegos e galegas.

Calquera país produtor como o noso, ten dereito a controlar os seus recursos, tamén os enerxéticos, e non verse por iso gobernada nun elemento tan central para o desenvolvemento económico, polas decisións que se adoptan no Estado en función dos intereses do oligopolio das eléctricas e de seguir perpetuando un sistema onde os territorios que non teñen enerxía, que só son consumidores, son amplamente subvencionados por aqueles, como Galiza, que sacrifican os seus recursos para a produción de enerxía. Cómpre ter maior decisión sobre o control de recursos tan prezados como os que serven de sustento para a produción de enerxía, e tamén do uso e destino desa enerxía, dado o seu carácter estratéxico para moitas actividades económicas, e para poñelos ao servizo dos galegos e galegas, evitando tamén así a pobreza enerxética á que nos referiamos anteriormente.

Queremos destacar a normativa vixente internacional e estatal que avalan o cometido que pretendemos con esta ordenanza. Dispón a Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu artigo 25 que “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

A Constitución española establece no artigo 39.1. e 40 que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.” E que “os poderes públicos promoverán as condicións favorábeis para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha

política de estabilidade económica.” Na mesma carta magna dispón o artigo 45 que “os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva” e finalmente é o artigo 50 o que determina que “os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas y periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.”

Aínda que a nosa administración municipal non ten competencias para regular o sector enerxético, cabe salientar tamén a lexislación vixente internacional sobre os recursos naturais, que avalarian as propostas mencionadas anteriormente sobre a capacidade decisoria que deberíamos ter nun país produtor como o noso, e avalan tamén dende o punto de vista político, ético e moral o espírito desta ordenanza municipal. Neste sentido, o Pacto Internacional de 19 decembro de 1966, sobre dereitos económicos, sociais e culturais, que foi aprobado no Estado Español mediante Instrumento de Ratificación o 13 de abril de 1977, establece no artigo 1º que “Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación. En virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e proveen, así mesmo, ao seu desenvolvemento económico, social e cultural. Para o logro dos seus fins, todos os pobos poden dispor libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigas que derivan da cooperación económica internacional baseada no principio de beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En ningún caso podería privar a un pobo dos seus propios medios de subsistencia.” No mesmo texto o artigo 11.1. establece que “os Estados Partes no presente Pacto recoñecen o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado para si e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia. Os Estados Partes tomarán medidas apropiadas para asegurar a efectividade deste dereito, recoñecendo a este efecto a importancia esencial da cooperación internacional fundada no libre consentimento”. Por último, o artigo 25 di que “Ningunha disposición do presente Pacto deberá interpretarse en menoscabo do dereito inherente de todos os pobos a desfrutar e utilizar plena e libremente as súas riquezas e recursos naturais”.

Por todos estes motivos, e en base ás nosas competencias, este goberno municipal de Muras con esta ordenanza pretende dar cumprimento ao mandato de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, evitando que exista a pobreza enerxética nos seus fogares. A riqueza que xera o noso concello co vento, debe repercutir de maneira directa nas persoas que levan vivindo dende hai séculos neste territorio, ademais de compensar o sufrimento directo polo impacto medioambiental, tanto na paisaxe do entorno como pola contaminación acústica.

Ante a impasibilidade do goberno do Estado e da Xunta de Galiza, para que o noso país teña unha tarifa eléctrica máis barata como produtores que somos de enerxía, nós non nos resignamos a quedar parados e estáticos ante esta aldraxe, e ademais cumprimos coa nosa palabra. Desta maneira, e dentro das competencias que nos outorga a Lei de bases do réxime local, e grazas ao impulso da equipa de goberno, o Concello de Muras conta cunha partida de gastos suficiente de recursos propios para axudar ao pagamento da factura da luz a todos os veciños e veciñas empadroados no noso municipio, así como a todos os negocios con actividade económica sitos no noso concello, dada a especial incidencia da crise económica existente no rural, mantendo as mesmas liñas de axudas implantadas o ano pasado. A presente ordenanza municipal regula o procedemento para conceder estas axudas económicas que os veciños e veciñas de Muras tanto merecen.

1.- OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas ao pago da factura da luz dos veciños de Muras, durante o exercicio 2025.

A través da presente convocatoria, o Concello de Muras propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Garantir o nivel de calidade de vida e de benestar de todos os veciños do concello de Muras, especialmente a suficiencia económica da terceira idade, xa que constitúe o sector maioritario da nosa poboación.
- Compensar a xeración de riqueza dos nosos recursos naturais explotados por empresas con sedes fiscais fóra do noso territorio, e tamén compensar o impacto medioambiental de forma directa nos veciños e veciñas.
- Fomentar o asentamento de veciños no noso municipio, evitando o éxodo rural á costa e ás cidades.
- Erradicar do noso municipio a pobreza enerxética.
- Impulsar o mantemento das actividades económicas de medianas e pequenas empresas no concello

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

Poderán ser subvencionados os seguintes gastos:

LIÑA 1: os gastos de consumo eléctrico do ano 2025 e o alugueiro dos equipos de medición que teña cada unidade familiar que conste no padrón de habitantes do concello de Muras. O consumo eléctrico debe estar destinado exclusivamente á actividade doméstica.

LIÑA 2: os gastos de consumo eléctrico de contadores sitos en establecementos (industriais, agrogandeiros ou comerciais) onde se desenvolvan actividades económicas dentro do termo municipal de Muras (talleres, restaurantes, bares, fornos, tendas, explotacións agrarias, etc..).

No caso de que unha vivenda comparta o contador cunha actividade comercial, poderá solicitar só a axuda da LIÑA 2.

Para determinar a cantidade da axuda, só se terán en conta as facturas aportadas polo solicitante, xunto coa documentación requirida nestas bases.

2.2 MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.

Os gastos para os que se solicite a axuda municipal deberán ter sido efectuados dentro do exercicio 2025.

3.- ORZAMENTO.

Establecese un orzamento para axuda aos gastos subvencionables de 85.000,00€.

4.- CONTÍA DAS ACHEGAS E COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.

4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.

PARA AS AXUDAS DA LIÑA 1:

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 800€ por unidade familiar.

A axuda económica concederáse en función da “Renda per Cápita” anual da unidade familiar.

O baremo, as porcentaxes e os límites das axudas son as establecidas na seguinte táboa:

RENTA PER CAPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	PORCENTAXE DA AXUDA	LÍMITE ANUAL DA AXUDA
<15.000€	Ata o 100% do consumo	800€
15.001€ - 22.000€	Ata o 90% do consumo	700€
22.001€ - 29.000€	Ata o 80% do consumo	600€
>29.001€	Ata o 70% do consumo	500€

PARA AS AXUDAS DA LIÑA 2:

Establécese unha axuda única de 1.700 euros para cada establecemento con actividade económica.

Esta axuda é incompatible para os beneficiarios da axuda da LIÑA 1. No caso de que o contador sexa compartido entre o domicilio e o establecemento económico, poderase optar por solicitar unicamente a axuda desta LIÑA 2.

5.- DESTINATARIOS.

PARA A LIÑA 1:

Poderán optar a estas axudas cada un dos representantes das unidades familiares que consten no censo de empadramento do Concello de Muras. Para este procedemento terase en conta o padrón municipal de habitantes e vivendas que conste no rexistro do concello o día da súa aprobación no pleno da corporación municipal.

Concederáse unha soa axuda a cada representante da unidade familiar que o solicite.

Concederáse unha soa axuda por vivenda habitual e por contador da luz destinado á vivenda habitual. No caso de edificios de vivendas, poderase conceder a axuda a cada vivenda que forme parte del e que así conste no padrón municipal de habitantes.

O solicitante da axuda ten que ser o titular do contrato do subministro de enerxía eléctrica para o que se solicita a axuda. No caso de que non coincida o titular do contrato de subministro co/a solicitante da axuda, tense que presentar documentación acreditativa de dita discrepancia.

Só poderá optar a estas axudas os solicitantes que non teñan debidas ca AEAT, Atriga, Seguridade Social; respecto das débedas co Concello de Muras todos os membros da unidade familiar deben atoparse ao corrente nas súas

obrigas tributarias; no caso de constar débedas, serán requeridos para que no prazo de 10 días desde a notificación procedan ao abono de ditas débedas. No caso de non atender ao requerimento considerarase que desiste na súa solicitude.

Non poderán optar a estas axudas as persoas ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

PARA A LIÑA 2:

Poderán optar a estas axudas, os autónomos e pequenas empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que sexan titulares de establecementos situados no termo municipal de Muras, que teñan o seu domicilio social e fiscal neste concello.

Concederase unha soa axuda a cada titular da actividade económica que o solicite.

Non poderán optar a estas axudas as empresas ou os titulares das mesmas que teñan débedas coa administración local ou outras administracións públicas; no caso de constar débedas, serán requeridos para qu no prazo de 10 días desde a notificación procedan ao abono de ditas deudas. No caso de non atender ao requerimento considerarase que desiste na súa solicitude.

Non poderán optar a estas axudas as persoas ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes ou empresas deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Muras). Deberán estar dados de alta na actividade no momento da solicitude e acreditar que o estiveron no ano 2025.

No caso de titulares de explotacións agropecuarias ou persoas censadas en actividades agrarias, deberán acreditar que se dedican de forma exclusiva ou a título principal a dita actividade. Este requisito acreditarase co certificado de estar dado de alta no réxime especial agrario. O concello poderá solicitar a maiores, a documentación necesaria e oportuna para acreditar que a actividade agraria é a principal.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Muras de forma presencial, telemáticamente a través da sede electrónica do Concello de Muras <https://muras.sedelectronica.gal> ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación será o mes de abril de 2026. No caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ate o inmediato hábil seguinte.

6.3 DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos para as liñas 1 e 2 nas presentes bases, xunto coa documentación requirida.

Non se terán en conta, as cantidades abonadas polos usuarios de consumo de luz eléctrica, que non estean xustificadas mediante a correspondente factura da luz. Concretamente, non se terán en conta os xustificantes bancarios de domiciliación de recibos da luz.

Xunto con estes anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- A. Copias das facturas do consumo eléctrico do ano 2025.
- B. Certificación bancaria actualizada da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- C. Copia da declaración do IRPF do ano inmediatamente anterior (2024). No caso de non estar obrigado a facer a declaración do IRPF, deberase aportar un certificado expedido pola AEAT (Axencia Española da Administración Tributaria) de imputacións do IRPF. (Na Liña 1)
- D. Copia do/s certificado/s de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións ou subsidios procedentes do estranxeiro. (Na Liña 1)
- E. Certificado convivencia do padrón de habitantes, aportando a propia administración local copia do mesmo ao expediente da solicitude.
- F. Certificados de atoparse ao corrente ca AEAT, Atriga e Seguridade Social.

No caso de presentar solicitude de axuda en nome doutra persoa que non vaia ser o beneficiario da axuda, debe aportarse documento autorizando a dita presentación, poder de representación o calquera outro legalmente válido.

7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

7.1 TRAMITACIÓN.

A presente convocatoria será tramitada polo Concello de Muras, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva, e será aprobada mediante Resolución da Alcaldía na que conste que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada.

7.2 FISCALIZACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes serán obxecto de fiscalización por parte da Intervención municipal, puidendo efectuar os requerimentos pertinentes para enmenda das solicitudes presentadas.

As peticións e a contía das subvencións determinaranse despois da consideración da documentación aportada e de acordo co baremo establecido na base 4.1

7.3 IMPORTE DA ACHEGA A CONCEDER.

O importe das contías terán o límite máximo de 800€ anuais para a Liña 1 cos límites establecidos na táboa de baremos da base 4.1 e 1.700€ par a Liña 2

En caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3ª, e de non modificarse o crédito de dita partida, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto, experimentaran a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.

7.4 NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes expresando de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará o obxecto da axuda outorgada e a contía concedida,.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

Cumprida esta condición, a concesión en firme das axudas xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

7.5 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Muras, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a axuda concedida.

8.- PAGAMENTO.

O pagamento das axudas realizarase no prazo máximo de 3 meses dende a resolución da concesión das axudas.

9.-REINTEGRO DAS AXUDAS.

As axudas serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

10.-OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras administracións públicas.

11.- RÉXIME SANCIONADOR.

O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Órganos de control das axudas concedidas.

Os solicitantes das axudas concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.–Protección de datos.

En cumprimento co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais., infórmase que os datos persoais facilitados, así como os que sexan requiridos posteriormente para completar o expediente, poderán ser incorporados a un ficheiro, cuxa titularidade corresponde ao Concello de Muras. Coa remisión dos datos, préstase consentimento expreso para que se poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades propias do Concello. Así mesmo, queda informado de que poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos mediante comunicación escrita ao Concello de Muras.

A presentación de solicitude de axuda implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma ao Concello de Muras con fins de estatística, avaliación e seguimento e para a comunicación dos diferentes programas subvencionados polo Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

O que se fai público, para xeral coñecemento e de acordo coa lexislación vixente.

Muras, 12 de marzo de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

ANEXO I- SOLICITUDE DA AXUDA - LIÑA 1

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2025

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude:

D./D^a

NIF

Enderezo

Municipio

Tfno. ou nº móbil

Enderezo electrónico

Tendo coñecemento da liña 1 de axudas convocada polo Concello de Muras, SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión da axuda para o pago da factura da luz do exercicio 2025

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar (marcar con una "X")

- ☐ Solicitude cumprimentada e asinada do ANEXO I xunto ca Fotocopia do DNI.
- ☐ Copia das facturas do ano 2024.
- ☐ Copia da Declaración da Renda do ano 2024 ou Certificado da AEAT.
- ☐ Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- ☐ Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT, Atriga e coa Seg. Social)

No caso de no aportarse a documentación do apartado anterior:

☐ Autorizo ao Concello de Muras a acceder aos meus datos económicos que obren noutras Administracións ou Organismos, co único obxecto de recabar os certificados de estar ao corrente cas miñas obrigas tributarias, necesaria para a tramitación desta axuda municipal.

Muras, _____ de _____ de 2.026

Sinatura do/da solicitante

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

ANEXO II- SOLICITUDE DA AXUDA - LIÑA 2

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2025

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude:

D./D^a

NIF

Enderezo

Municipio

Tfno. ou nº móbil

Enderezo electrónico

DATOS DA EMPRESA OU ACTIVIDADE

Nome da empresa/Razón social

Actividade económica/profesión/oficio (Epígrafe IAE)

CIF

Nº Traballadores (excluíndo solicitante):

Tendo coñecemento da liña 2 de axudas convocada polo Concello de Muras, SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión da axuda para o pago da factura da luz do exercicio 2025.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar (marcar con unha "X"):

- ☐ Solicitude cumprimentada e asinada do ANEXO I xunto ca Fotocopia do DNI
- ☐ Fotocopia do CIF da empresa, no caso de que solicite a axuda unha sociedade.
- ☐ Copia das facturas do ano 2025
- ☐ Certificación de estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguranza Social, mutualidade de colexio profesional correspondente ou réxime especial agrario.
- ☐ Certificación de situación no censo de actividades económicas, no seu caso.
- ☐ Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- ☐ Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT, Atriga) e coa Seg. Social.

No caso de no aportarse a documentación do apartado anterior:

- ☐ Autorizo ao Concello de Muras a acceder aos meus datos económicos que obren noutras Administracións ou Organismos, co único obxecto de recabar os certificados de estar ao corrente cas miñas obrigas tributarias, necesaria para a tramitación desta axuda municipal.

Muras, _____ de _____ de 2.026

Sinatura do/da solicitante

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras

DECLARACIÓN XURADA

Eu, don/a con DNI
e con domicilio en

EXPOÑO:

Que as facturas correspondentes ao domicilio no que resido
con nº de CUPS-....., constan a nome de don/a
....., falecido/a; máis son eu, na calidade de
quen soporta o custe destas facturas, e son as aportadas na solicitude para axuda ó pago da luz do Concello de
Muras para o ano

En Muras a de de 2026

Asdo.:

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

AUTORIZACIÓN DE REPRESENTACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE :

Nome :

Primeiro Apelido:

Segundo Apelido:

NIF:

AUTORIZO A :

Nome :

Primeiro Apelido:

Segundo Apelido:

NIF:

PROCEDEMENTO:

Para que exerza a miña representación ante o Concello de Muras para a presentación de solicitude e documentación de axuda para o pago das facturas da luz do ano 2025 así como para atender aos requirimentos que remita o Concello de Muras

Mediante a sinatura do presente documento,o/a solicitante concede a súa representación para a tramitación do procedemento sinalado e a persoa autorizada acepta a súa representación, respondendo ambas da autenticidade da sinatura.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA

En Muras a de de 20____

Autorización para solicitude de certificados de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria, Axencia Tributaria Galega e Seguridade Social, así como certificado de imputacións do exercicio 2024

A persoa que abaixo asina autoriza ao Concello de Muras a solicitar:

- Da Axencia Tributaria Galega e da Axencia Tributaria Estatal os datos relativos ao cumprimento de obrigas tributarias con estas entidades ao abeiro do Real Decreto 1065/2007 no seu artigo 71. Solicitude de certificados tributarios. Os certificados tributarios expediranse:

a) A instancia do obrigado tributario ao que o certificado se refira.

b) A petición dun órgano administrativo ou de calquera outra persoa ou entidade interesada que requira o certificado, sempre que dicha petición estea prevista en una lei ou conte có previo consentimento do obrigado tributario.

- Da Axencia Tributaria Estatal Certificado de imputacións do exercicio 2024.
- Da Tesourería Xeral da Seguridade Social certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

Datos de interesado/a

Nome e apelidos:

D.N.I.:

Enderezo:

En Muras, a de de

O/a interesado/a

R. 0671

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 11 de marzo de 2026 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao cuarto trimestre do ano 2025.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 23/03/2026 e o 25/05/2026, ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 12 de marzo 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0672

A PONTENOVA*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE FEBREIRO 2026.**

Por Resolución de alcaldía de 12 de marzo de 2026, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobadas se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 10 de abril de 2026 ao 10 de xuño 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 10 de abril de 2026 ao 10 de xuño de 2026**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal da **Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado éste, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova na data da sinatura dixital.

A Pontenova, 13 de marzo de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0673

SOBER

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTO DE TRABALLO DE DIRECTOR/A DA BANDA DE MÚSICA DO CONCELLO DE SOBER, PARA A SUSTITUCIÓN DO DIRECTOR TITULARES DEBIDO A NECESIDADES DO SERVIZO (BAIXAS, VACACIÓNS, PERMISOS OU ASIMILABLES).

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de Alcaldía de data de 13/03/2026, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión temporal do posto de traballo de director/a da Banda de Música do Concello de Sober para a substitución do titular debido as necesidades do servizo (baixas, vacacións, permisos ou asimilables), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO DIAS NATURAIS (5) DÍAS NATURAIS a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 13 de marzo de 2026.- O alcalde. Luis Fernández Guitián.

R. 0674

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO CREACIÓN BOLSA SAF.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 13.03.2026 aprobou a convocatoria e as bases "BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE RESERVA PERMANENTEMENTE ABERTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF, ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TABOADA: AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. ESTA BOLSA TERÁ UNHA VIXENCIA DE TRES ANOS CONTADOS A PARTIR DA DATA DE CREACIÓN DA MESMA"

As bases atópanse dispoñibles en:

- SEDE ELECTRONICA DO CONCELLO DE TABOADA:

<https://taboada.sedelectronica.gal>

- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 13 de marzo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0675

O VICEDO

Anuncio

Por Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 16 de marzo de 2026, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 2º semestre de 2025, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003.)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 16 de marzo de 2026.- O alcalde, don José Jesús Novo Martínez.

R. 0705

FUNDACIÓN TERREO

Anuncio

Mediante Resolución de Presidencia de data 9 de marzo de 2026, expóñense ao público as bases e a convocatoria para a provisión dos postos de dous/dúas (2) oficiais de primeira acuicultura, mediante concurso-oposición, en réxime de persoal laboral fixo.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín (www.ribeiradepiquin.es) e no Taboleiro de Anuncios da Fundación TerrEo.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, DE DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE PRIMEIRA ACUICULTURA, PERSOAL FIXO, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025 DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto destas bases é a cobertura de dúas (2) prazas de oficial de primeira acuicultura do cadro de persoal fixo desta entidade, con carácter definitivo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2025.

Características da praza:

a) *Denominación: Oficial de primeira acuicultura.*

b) *Retribucións: 1.714,28 euros/mes (sen incluír a parte proporcional paga extra).*

c) *Funcións:*

- *Mantemento das instalacións da piscifactoría e do seu entorno.*
- *Condución, manexo e mantemento de vehículos, para o transporte de animais.*
- *Alimentación e coidado dos animais.*
- *Control de existencias e aprovisionamento de consumibles necesarios para o funcionamento da piscifactoría*
- *Aquelas outras funcións que, respectando o seu nivel de titulación e coñecementos, lle encomende o Sr. Presidente.*

SEGUNDA.- MODALIDADE DO CONTRATO.

A modalidade do contrato é a de contrato indefinido regulada no artigo 15.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é persoal fixo en réxime de dedicación a tempo completo.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal fixo, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente.

f) Estar en posesión do permiso de condución tipo B.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes (Anexo II) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte; dirixiranse ao Sr. Presidente da Fundación TerrEo, presentaranse presencialmente no Rexistro da Fundación TerrEo, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo a esta entidade achegando unha copia da solicitude (Anexo II) no correo electrónico: terreofundacion@gmail.com o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito a instancia entenderase inadmitida a tódolos efectos.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín www.ribeiradepiquin.es, así como no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a. Copia cotexada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*
- b. Copia cotexada do título de Certificado de Graduado Escolar ou equivalente.*
- c. Copia cotexada da documentación que acredite os méritos que o aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse na data de finalización de presentación de instancias. Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.*
- d. Copia cotexada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 2, ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.*

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente da Fundación ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín www.ribeiradepiquin.es, e no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo, concederáse un prazo de dez (10) días hábiles para a emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Presidencia, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín www.ribeiradepiquin.es, e no taboleiro de anuncios desta entidade. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse as probas, así como o nomeamento do tribunal titular e suplente.

No caso de non presentarse alegacións á lista provisional, elevarase esta a definitiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home.

A súa composición nominal publicaráse no BOP conxuntamente coa fixación da data de realización das probas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.**PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:**

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.*
- Concurso.*

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirllas aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.

Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio, cualificándose ata un máximo de 10 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO: Teórico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionados co contido do programa que figura no Anexo I a estas bases, nun tempo máximo de 45 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuase con 0,40 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,20 puntos.

B) SEGUNDO EXERCICIO: Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar e segundo o temario (específico) do Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.

Valoraranse neste exercicio as destrezas e coñecementos amosados polos/as aspirantes na resolución do problema, o resultado final acadado e o tempo empregado.

Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

PROBA DE GALEGO:

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 20 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba, os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 2 ou equivalente.

FASE CONCURSO:

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que presenten solicitude de participación e estean definitivamente admitidos. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 3 puntos.

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, como oficial de primeira acuicultura, en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en postos similares na Administración Pública ou en empresas privadas: **0,10 puntos/mes.**

A experiencia profesional computarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado. No caso de traballadores/as autónomos/as, mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 2 puntos.

b) Cursos:

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

Cursos relacionados estreitamente coas funcións do posto de traballo, de acordo co seguinte baremo:

- Ata 50 horas de duración: **0,10 puntos por curso.**

- Entre 51 e 100 horas de duración: **0,25 puntos por curso.**

- De 101 ou máis horas de duración: **0,50 puntos por curso.**

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN.

A cualificación final será a seguinte:

— **Sistema concurso-oposición:** será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

A puntuación total de todos os exercicios, incluída a fase de concurso, será de 23 puntos; sendo eliminados os aspirantes que non acaden 5 puntos en cada un dos exercicios da fase de oposición, debendo estar acreditado o CELGA 2 ou superada a proba de galego.

En caso de empate na valoración total do concurso-oposición, resolverase acudindo á puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición, e no caso de persistir no empate, á puntuación obtida no primeiro dos exercicios. En caso de persistir o empate, resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de experiencia profesional do concurso. De persistir o empate, a favor do/a aspirante que antes rexistrase a súa solicitude completa no Rexistro Xeral da Fundación TerrEo (Lugo).

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios desta entidade e páxina web do Concello de Ribeira de Piquín, indicando que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas.

O Tribunal elevará á consideración do Sr. Presidente a proposta de contratación que, ademais, será publicada no Boletín Oficial da Provincia, debendo o aspirante proposto acreditar, no prazo de vinte (20) días hábiles seguintes ao da publicación, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e presentará a seguinte documentación:

1. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
2. Certificado de antecedentes penais.
3. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
4. Número de afiliación á Seguridade Social e número de conta bancaria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non acrediten devanditos requisitos ou da documentación non se deducise o seu cumprimento, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na solicitude de participación.

Acreditadas as condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, o Presidente procederá á formalización do contrato.

DÉCIMA.- INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Asamblea de Patronos, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, Roberto Fernández Rico.

ANEXO I – PROGRAMA**A. Parte xeral: Materias comúns.**

Tema 1.- A organización territorial do Estado. Natureza xurídica e principios. A organización política e administrativa das Comunidades Autónomas. A reforma dos Estatutos de Autonomía.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.

Tema 3.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. A reforma constitucional.

Tema 4.- Os dereitos e deberes fundamentais. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.

Tema 5.- As Cortes Xerais. Composición e funcións. Órganos de control dependentes das Cortes Xerais: o Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

B. Parte especial: Materias específicas.

Tema 1.- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.

Tema 2.- Decreto 274/2003, de 4 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión da actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre.

Tema 3.- Real Decreto 1614/2008, de 3 de outubro, relativo aos requisitos zoonosanitarios dos animais e dos produtos de acuicultura, así como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos.

Tema 4.- Boas prácticas, xestión de residuos e control de vertidos en instalacións acuícolas.

Tema 5.- Sistema de cultivo nas instalacións acuícolas e o seu mantemento.

Tema 6.- Bombas, filtros, aireadores e control de parámetros fisicoquímicos no proceso de captación, filtrado e recirculación de auga.

Tema 7.- Tipos de pensos, racións, técnicas de alimentación e control de crecemento.

Tema 8.- Maduración, posta, incubación e desenvolvemento larvario.

Tema 9.- Densidades, control de crecemento, clasificación e biometría no engorde e manexo de exemplares.

Tema 10.- Principais patoloxías en peces e moluscos, medidas preventivas e tratamentos autorizados.

Tema 11.- Protocolos de limpeza, desinfección e control de accesos.

Tema 12.- Actuación ante escapes, contaminación, fallo eléctrico ou mortalidade masiva.

Tema 13.- Rexistro de lotes, identificación, etiquetado e normativa sobre seguridade alimentaria. Trazabilidade e control da produción acuícola.

Tema 14.- Técnicas básicas de mostraxe biolóxico, fisicoquímico e microbiolóxico. Interpretación de resultados.

Tema 15.- Costes de produción, rendemento, eficiencia e mantemento preventivo.

ANEXO II- MODELO DE INSTANCIA**I. DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:**

- **DENOMINACIÓN:** OFICIAL DE 1ª ACUICULTURA
- **RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL FIXO
- **PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** B.O.P. DE LUGO Nº ____ DO ____/____/2026.

II.DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:	
DNI:	TELÉFONO FIXO: TELÉFONO MÓBIL:		
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

III.EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a. Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- c. Non estar inhabilitado/a nin suspendido/a para o exercicio de función públicas e non ter sido separado/a do servizo dunha Administración Pública.
- d. Ter a titulación académica esixida para tomar parte no proceso selectivo: Certificado Graduado Escolar ou equivalente.

☐ Así mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan (En folio aparte especificar os motivos de minusvalía e adaptacións que solicita).

IV.SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

....., dede 2026.

(Asinado)

AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 2 PUNTOS)	
	PUNTUACIÓN:

B) CURSOS (MÁXIMO 1 PUNTO)			
Nº DE ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
PUNTUACIÓN TOTAL:			

PUNTUACIÓN TOTAL FASE CONCURSO:	
--	--

Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0706

Anuncio

Mediante Resolución de Presidencia de data 9 de marzo de 2026, expóñense ao público as bases e a convocatoria para a provisión dos postos de dous/dúas (2) operarios/as de servizo, mediante concurso-oposición, en réxime de persoal laboral fixo.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín (www.ribeiradepiquin.es) e no Taboleiro de Anuncios da Fundación TerrEo.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, DE DÚAS PRAZAS DE OPERARIO/A DE SERVIZOS, PERSOAL FIXO, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025 DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto destas bases é a cobertura de dúas (2) prazas de operario/a de servizos do cadro de persoal fixo desta entidade, con carácter definitivo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2025.

Características da praza:

a) Denominación: Operario/a de servizos.

b) Retribucións: 1.714,28 euros/mes (sen incluír a parte proporcional paga extra).

c) Funcións:

- Montaxe, posta en servizo, operación e mantemento das instalacións da Entidade.*
- Manexo e mantemento de vehículos.*
- Labores de cooperación cos distintos servizos da Entidade.*
- Control de existencias e aprovisionamento de consumibles necesarios para o funcionamento do servizo ou actividade.*
- Aquelas outras funcións que, respectando o seu nivel de titulación e coñecementos, lle encomende o Sr. Presidente.*

SEGUNDA.- MODALIDADE DO CONTRATO.

A modalidade do contrato é a de contrato indefinido regulada no artigo 15.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é persoal fixo en réxime de dedicación a tempo completo.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal fixo, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente.

f) *Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.*

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes (Anexo II) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte; dirixiranse ao Sr. Presidente da Fundación TerrEo, presentaranse presencialmente no Rexistro da Fundación TerrEo, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo a esta entidade achegando unha copia da solicitude (Anexo II) no correo electrónico: terreofundacion@gmail.com o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito a instancia entenderase inadmitida a tódolos efectos.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín <https://ribeiradepiquin.es>, así como no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a. Copia cotexada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*
- b. Copia cotexada do título de Graduado Escolar ou equivalente.*
- c. Copia cotexada do permiso de conducir tipo B.*
- d. Copia cotexada da documentación que acredite os méritos que o aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse na data de finalización de presentación de instancias. Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.*
- e. Copia cotexada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 2, ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.*

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente da Fundación ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín <https://ribeiradepiquin.es>, e no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para a emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Presidencia, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín <https://ribeiradepiquin.es>, e no taboleiro de anuncios desta entidade. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse as probas, así como o nomeamento do tribunal titular e suplente.

No caso de non presentarse alegacións á lista provisional, elevarase esta a definitiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home.

A súa composición nominal publicarse no BOP conxuntamente coa fixación da data de realización das probas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que

poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

— *Oposición.*

— *Concurso.*

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirles aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.

Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio, cualificándose ata un máximo de 10 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO: *Teórico, obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionados co contido do programa que figura no Anexo I a estas bases, nun tempo máximo de 45 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuase con 0,40 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,20 puntos.

B) SEGUNDO EXERCICIO: *Práctico, obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar e segundo o temario (específico) do Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.

Valoraranse neste exercicio as destrezas e coñecementos amosados polos/as aspirantes na resolución do problema, o resultado final acadado e o tempo empregado.

Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

PROBA DE GALEGO:

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 20 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba, os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 2 ou equivalente.

FASE CONCURSO:

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que presenten solicitude de participación e estean definitivamente admitidos. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 3 puntos.

Méritos computables:**a) Experiencia profesional:**

Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, como operario/a/ peón de servizos varios/múltiples/diversos, en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes das mesmas, en réxime funcionarial ou laboral, a razón de **0,04 puntos por cada 30 días de traballo**, segundo informe de vida laboral. Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

A puntuación deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

- Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas valorarase a razón de **0,02 puntos por cada 30 días de traballo**, segundo informe de vida laboral.

A experiencia profesional computarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado. No caso de traballadores/as autónomos/as, mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

b) Cursos:

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

Cursos relacionados estreitamente coas funcións do posto de traballo, de acordo co seguinte baremo:

- **Ata 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.**
- **Entre 51 e 100 horas de duración: 0,25 puntos por curso.**
- **De 101 ou máis horas de duración: 0,50 puntos por curso.**

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN.

A cualificación final será a seguinte:

— **Sistema concurso-oposición:** será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

A puntuación total de todos os exercicios, incluída a fase de concurso, será de 23 puntos; sendo eliminados os aspirantes que non acaden 5 puntos en cada un dos exercicios da fase de oposición, debendo estar acreditado o CELGA 2 ou superada a proba de galego.

En caso de empate na valoración total do concurso-oposición, resolverase acudindo á puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición, e no caso de persistir no empate, á puntuación obtida no primeiro dos exercicios. En caso de persistir o empate, resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de experiencia profesional do concurso. De persistir o empate, a favor do/a aspirante que antes rexistrase a súa solicitude completa no Rexistro Xeral da Fundación TerrEo (Lugo).

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios desta entidade e páxina web do Concello de Ribeira de Piquín, indicando que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas.

O Tribunal elevará á consideración do Sr. Presidente a proposta de contratación que, ademais, será publicada no Boletín Oficial da Provincia, debendo o aspirante proposto acreditar, no prazo de vinte (20) días hábiles seguintes ao da publicación, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e presentará a seguinte documentación:

1. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
2. Certificado de antecedentes penais.

3. *Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

4. *Número de afiliación á Seguridade Social e número de conta bancaria.*

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non acrediten devanditos requisitos ou da documentación non se deducise o seu cumprimento, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na solicitude de participación.

Acreditadas as condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, o Presidente procederá á formalización do contrato.

DÉCIMA.- INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Asamblea de Patronos, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, Roberto Fernández Rico.

ANEXO I.- PROGRAMA

- Parte xeral: Materias comúns.

Tema 1.- *A organización territorial do Estado. Natureza xurídica e principios. A organización política e administrativa das Comunidades Autónomas. A reforma dos Estatutos de Autonomía.*

Tema 2.- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.*

Tema 3.- *A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. A reforma constitucional.*

Tema 4.- *Os dereitos e deberes fundamentais. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.*

Tema 5.- *As Cortes Xerais. Composición e funcións. Órganos de control dependentes das Cortes Xerais: o Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.*

- Parte especial: Materias específicas.

Tema 1.- *O Municipio de Ribeira de Piquín: situacións, límites, poboación e núcleos de poboación.*

Tema 2.- *Traballos elementais de electricidade, fontanería, carpintería e cerrallería.*

Tema 3.- *Tarefas básicas de mantemento e conservación en instalacións.*

Tema 4.- *Limpeza, pintura, pequenas reparacións e control de subministros.*

Tema 5.- *Materiais e ferramentas máis comúns nos traballos de albanelaría básica.*

Tema 6.- *Elementos de construción: Muros, tabiques e paredes.*

Tema 7.- *Demolicións.*

Tema 8.- *Seguridade nos lugares de traballo: obrigas empresariais e condicións xerais no traballo. Equipos de Protección Individual (EPIs).*

Tema 9.- *Prevención de riscos laborais en xardinaría e albanelaría. Riscos e factores de risco inherentes a ambas profesións.*

Tema 10.- *Sinalización nas labores de xardinaría e albanelaría. Normalización das sinais.*

Tema 11.- *Actuacións ante avarias, incidencias e emerxencias en edificios.*

Tema 12.- *Manipulación manual de cargas. Técnicas correctas de levantamento e transporte seguro.*

Tema 13.- *Ferramentas manuais e eléctricas: tipos, uso axeitado, conservación e normas de seguridade.*

Tema 14.- *Normas de circulación, mantemento básico e seguridade. Condución e manexo de vehículos e maquinaria lixeira.*

Tema 15.- *Sega, desbroce, rego, poda básica e plantación.*

ANEXO II- MODELO DE INSTANCIA**I. DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:**

- **DENOMINACIÓN:** OPERARIO/A DE SERVIZOS
- **RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL FIXO
- **PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** B.O.P. DE LUGO Nº ____ DO ____/____/2026.

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:	
DNI:	TELÉFONO FIXO: TELÉFONO MÓBIL:		
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	MUNICIPIO: PROVINCIA:		CÓDIGO POSTAL:

III. EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a. Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- c. Non estar inhabilitado/a nin suspendido/a para o exercicio de función públicas e non ter sido separado/a do servizo dunha Administración Pública.
- d. Ter a titulación académica esixida para tomar parte no proceso selectivo: Certificado Graduado Escolar ou equivalente.

☐ Así mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan (En folio aparte especificar os motivos de minusvalía e adaptacións que solicita).

IV.SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

....., dede 2026.

(Asinado)

AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 2 PUNTOS)	
	PUNTUACIÓN:

B) CURSOS (MÁXIMO 1 PUNTO)			
Nº DE ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
PUNTUACIÓN TOTAL:			

PUNTUACIÓN TOTAL FASE CONCURSO:	
--	--

Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0707

Anuncio

Mediante Resolución de Presidencia de data 9 de marzo de 2026, expóñense ao público as bases e a convocatoria para a provisión dos postos de un/unha técnico/a de proxectos, mediante concurso-oposición, en réxime de persoal laboral fixo a media xornada (50%).

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web (www.ribeiradepiquin.es) e no Taboleiro de Anuncios da Fundación Municipal Terreo.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE TÉCNICO/A DE PROXECTOS, PERSOAL FIXO, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025 DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto destas bases é a cobertura da praza dun/dunha técnico/a de proxectos do cadro de persoal fixo desta entidade, con carácter definitivo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2025.

Características da praza:

a) Denominación: Técnico/a de proxectos.

b) Retribucións: 1.086,67 euros/mes (sen incluír a parte proporcional paga extra).

c) Funcións:

- Coordinar a xestión e execución dos distintos proxectos e actividades económicas da Entidade, por orde do xerente.*
- Organizar e coordinar os medios materiais e persoais necesarios para levar a cabo as actividades e servizos da Entidade, optimizando os recursos.*
- Elaborar cantos informes técnicos e memorias sexan necesarios para a execución dos diferentes proxectos da Entidade, de acordo coa súa titulación e competencias.*
- Avaliar os resultados e obxectivos conseguidos e procurar a consecución dos previstos en cada proxecto.*
- Aquelas outras funcións que, respectando o seu nivel de titulación e coñecementos, lle encomende o Sr. Presidente.*

SEGUNDA.- MODALIDADE DO CONTRATO.

A modalidade do contrato é a de contrato indefinido regulada no artigo 15.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é persoal fixo en réxime de dedicación a tempo parcial.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal fixo, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación

equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

e) Estar en posesión da titulación, de conformidade co disposto na disposición adicional quinta da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego de Galicia:

- Enxeñería Agrónoma.

As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación pola administración educativa competente na materia.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

*As solicitudes (Anexo II) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte; dirixiranse ao Sr. Presidente da Fundación TerrEo, presentaranse presencialmente no Rexistro da Fundación TerrEo, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **vinete (20) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo a esta entidade achegando unha copia

*da solicitude (Anexo II) por correo electrónico: **terreofundacion@gmail.com** o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito a instancia entenderase inadmitida a tódolos efectos.*

*Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín (**www.ribeiradepiquin.es**), así como no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo.*

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- A. Copia cotexada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*
- B. Copia cotexada da titulación en Enxeñería Agrónoma.*
- C. Copia cotexada da documentación que acredite os méritos que o aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse na data de finalización de presentación de instancias. Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.*
- D. Copia cotexada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 4, ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.*

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

*Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente da Fundación ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín **www.ribeiradepiquin.es**, e no taboleiro de anuncios da Fundación TerrEo, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para a emenda.*

*Transcorrido o prazo de emenda pola Presidencia, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín **www.ribeiradepiquin.es**, e no taboleiro de anuncios desta entidade. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse as probas, así como o nomeamento do tribunal titular e suplente.*

No caso de non presentarse alegacións á lista provisional, elevarase esta a definitiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home.

A súa composición nominal publicarse no BOP conxuntamente coa fixación da data de realización das probas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.*
- Concurso.*

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirles aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.

Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.

Os exercicios das probas serán obrigatorios e eliminatorios, cualificándose ata un máximo de 40 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 20 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO: Teórico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas e 4 de reserva, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionados co contido do programa que figura no Anexo I a estas bases, nun tempo máximo de 60 minutos.

Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuarse con 0,50 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,25 puntos.

B) SEGUNDO EXERCICIO: Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización por escrito dun exercicio de carácter práctico proposto polo Tribunal sobre as funcións ou tarefas do posto e en relación ao temario (específico) do Anexo I das presentes bases. O tempo de realización deste exercicio non superará os 90 minutos.

Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas aspirantes non poderán neste exame facer uso de lexislación, doutrina ou calquera outro material de apoio.

Valorarase neste exercicio a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos, así como o seu fundamento na lexislación vixente na materia, o pragmatismo na resolución dos supostos e a formulación de conclusións adecuadas. A claridade na solución proposta e a presentación da mesma tamén será tida en conta polo Tribunal, así como calquera outro criterio que o Tribunal estableza e considere oportuno.

No suposto de que o exercicio conte con varios supostos prácticos, deberá indicarse no mesmo a puntuación a outorgar a cada un deles.

PROBA DE GALEGO:

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 20 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba, os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición Adicional 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOGA núm. 146, de 30 de xullo de 2017.)

FASE CONCURSO:

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que presenten solicitude de participación e estean definitivamente admitidos. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 5 puntos.

Méritos computables:**a) Experiencia profesional:**

Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, como enxeñeiro/a agrónomo, técnico/a de proxectos, en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes das mesmas, en réxime funcional ou laboral, a razón de 0,04 puntos por cada 30 días de traballo, segundo informe de vida laboral. Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

- Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas valorarase a razón de 0,02 puntos por cada 30 días de traballo, segundo informe de vida laboral.

A experiencia profesional computarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado. No caso de traballadores/as autónomos/as, mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

A puntuación total deste apartado non poderá exceder de 2 puntos.

b) Cursos:

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

Cursos relacionados estreitamente coas funcións do posto de traballo, de acordo co seguinte baremo:

- Ata 50 horas: 0,10 puntos por curso.

- De 51 horas a 100: 0,25 puntos por curso.

- De 101 horas en diante: 0,50 puntos por curso.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

c) Titulacións académicas:

As titulacións académicas deberán acreditarse mediante copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) acreditativa de estar en posesión de diplomatura, grao, licenciatura, máster ou doutorado que se achegue:

Valoraranse as titulacións académicas oficiais conforme aos seguintes criterios e puntuación:

c.1. Por posuír titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en diplomaturas, graos, licenciaturas, máster ou doutorados directamente relacionadas coas funcións propias do posto: 2 puntos.

c.2. Por posuír titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en diplomaturas, graos, licenciaturas, máster ou doutorados non relacionadas directamente coas funcións propias do posto: 1 punto.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 2 puntos.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN.

A cualificación final será a seguinte:

— *Sistema concurso-oposición: será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.*

A puntuación total de todos os exercicios, incluída a fase de concurso, será de 45 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden 10 puntos en cada un dos exercicios da fase de oposición, debendo estar acreditado o CELGA 4 ou superada a proba de galego.

En caso de empate na valoración total do concurso-oposición, resolverase acudindo á puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición, e no caso de persistir no empate, á puntuación obtida no primeiro dos exercicios. En caso de persistir o empate, resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de experiencia profesional do concurso. De persistir o empate, a favor do/a aspirante que antes rexistrase a súa solicitude completa no Rexistro Xeral da Fundación TerrEo (Lugo).

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web do Concello de Ribeira de Piquín, indicando que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas.

O Tribunal elevará á consideración do Sr. Presidente a proposta de contratación que, ademais, será publicada no Boletín Oficial da Provincia, debendo o/a aspirante proposto/a acreditar, no prazo de vinte (20) días hábiles seguintes ao da publicación, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e presentará a seguinte documentación:

- 1. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.*
- 2. Certificado de antecedentes penais.*
- 3. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- 4. Número de afiliación á Seguridade Social e número de conta bancaria.*

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non acrediten devanditos requisitos ou da documentación non se deducise o seu cumprimento, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na solicitude de participación.

Acreditadas as condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, o Sr. Presidente procederá á formalización do contrato.

DÉCIMA.- INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

UNDÉCIMA.- INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Asamblea de Patronos, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

En Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, Roberto Fernández Rico.

ANEXO I - PROGRAMA**- Parte xeral: Materias comúns.**

Tema 1.- Constitución española de 1978: estrutura e contido. Reforma constitucional. A Coroa. Sucesión. O Rei: as súas funcións.

Tema 2.- Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Protección e suspensión.

Tema 3.- As Cortes Xerais. Funcións e funcionamento.

Tema 4.- Goberno e Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre Goberno e Cortes Xerais.

Tema 5.- Poder xudicial. Consello Xeral do Poder Xudicial. Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional.

Tema 6.- Comunidade Autónoma Galega. Estatuto de autonomía. Parlamento de Galicia.

Tema 7.- Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica. Competencias.

Tema 8.- Réxime local español. Principios constitucionais. Entidades locais: provincia e outras entidades locais.

Tema 9.- Municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 10.- Potestade regulamentaria dos entes locais. Regulamento orgánico. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Elaboración e aprobación. Límites da potestade regulamentaria.

Tema 11.- O procedemento administrativo común. Principios. Fases.

Tema 12.- Procedemento administrativo sancionador.

Tema 13.- A responsabilidade patrimonial da Administración. Especial referencia á Administración local.

Tema 14.- Revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 15.- Réxime local español. Principios constitucionais. Entidades locais: provincia e outras entidades locais.

- Parte especial: Materias específicas.

Tema 1.- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Procedementos de contratación das administracións públicas: o contrato de obras.

Tema 2.- O municipio de Ribeira de Piquín. Principias sectores económicos.

Tema 3.- O Plan de empresa.

Tema 4.- Viabilidade económica e financeira dun proxecto empresarial.

Tema 5.- A instrumentación contable da empresa.

Tema 6.- Fontes de financiamento da empresa.

Tema 7.- Bens, actividades e servizos das Entidades Locais.

Tema 8.- Análise económica do mercado de traballo. Indicadores territoriais e fontes estatísticas a nivel local.

Tema 9.- A Lei 14/2010, de 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España. Sistema de información xeográfica (GIS).

Tema 10.- Persoal laboral. Procedementos de selección. Prestacións do traballador e do empresario. Dereitos e deberes Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Tema 11.- Liberdade sindical e dereito de folga. Outras medidas de conflito colectivo.

Tema 12.- A actividade subvencional das Administracións Públicas. Concesión, xestión e reintegro. Infraccións e sancións.

Tema 13.- Programación de fondos europeos da política de emprego da Unión Europea. Marcos comunitarios de apoio e programas operativos.

Tema 14.- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Cofinanciamento e xestión de proxectos con FEDER.

Tema 15.- Fondo Social Europeo (FSE). Cofinanciamento e xestión de proxectos do FSE. Verificacións e controis.

Tema 16.- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles e a aplicación dos que teñen influencia no medio ambiente rural.

Tema 17.- A Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

Tema 18.- Producción ecolóxica. Regulamentación europea, estatal e autonómica. Situación actual en Galicia. Referencia ao contexto español e da Unión Europea.

Tema 19.- Asociacionismo agrario. Cooperativas, SAT e outras formas asociativas. Importancia social e económica. Referencias ao asociacionismo español e da Unión Europea.

Tema 20.- A política ambiental e de conservación da natureza na Unión Europea, España e Galicia. Recursos naturais e agricultura: o esgotamento dos recursos (o chan e a auga). Agricultura e enerxía, consideracións económicas e ecolóxicas. Política actual de conservación da natureza.

Tema 21.- O vacún de carne en Galicia: situación actual. Principais técnicas de produción. Axudas ao sector.

Tema 22.- A industria cárnica en Galicia. Tipos de industrias e a súa localización. Características e problemática do sector. Principais producións e procesos produtivos. Evolución e perspectivas.

Tema 23.- Planificación de cultivos, fertirrigación, control de pragas e enfermidades, maquinaria agrícola, xestión de residuos e seguridade laboral no ámbito agrario.

Tema 24.- Contratación, subvencións e axudas no desenvolvemento rural. Tramitación de licenzas e autorizacións ambientais.

Tema 25.- Aplicación da agricultura de precisión, sensores e teledetección. Sistemas de información xilográfica. Uso de datos para a xestión eficiente de cultivos, control ambiental e trazabilidade.

ANEXO II- MODELO DE INSTANCIA**I. DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO:**

- **DENOMINACIÓN:** TÉCNICO/A DE PROXECTOS
- **RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL FIXO
- **PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** B.O.P. DE LUGO Nº ____ DO ____/____/2026.

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO FIXO: TELÉFONO MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

III. EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a. Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
 - b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
 - c. Non estar inhabilitado/a nin suspendido/a para o exercicio de función públicas e non ter sido separado/a do servizo dunha Administración Pública.
 - d. Ter a titulación académica esixida para tomar parte no proceso selectivo: Enxeñería Agrónoma.
- ☐ Así mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan (En folio aparte especificar os motivos de minusvalía e adaptacións que solicita).

IV. SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

.....,dede 2026.

(Asinado)

AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 2 PUNTOS)	
	PUNTUACIÓN:

B) CURSOS (MÁXIMO 1 PUNTOS)			
Nº DE ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
PUNTUACIÓN TOTAL:			

C) TITULACIONES ACADÉMICAS (MÁXIMO 2 PUNTOS)	
	PUNTUACIÓN:

PUNTUACIÓN TOTAL FASE CONCURSO:	
--	--

AO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO”

Ribeira de Piquín, 9 de marzo de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0708

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. DIRECCIÓN TÉCNICA

Anuncio

PROYECTO DE RENOVACIÓN DEL COLECTOR PARALELO A LA VÍA DEL FERROCARRIL EN GUITIRIZ (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010_3_CHCH0SBET29SR2446

CLAVE: M1.327-039/2111

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 10 de marzo de 2026, se ha acordado someter a información pública el documento relativo a las obras del asunto, que a continuación se relaciona y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto de renovación del colector paralelo a la vía del ferrocarril en Guitiriz (Lugo), PdM Miño-Sil ES010_3_CHCH0SBET29SR2446, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

El referido documento estará publicado en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A, para que pueda ser examinado por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido del mismo, durante el plazo de veinte (20) días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además, quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., pudiendo solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Ourense, 12 de marzo de 2026.- El presidente de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., José Antonio Quiroga Díaz.

R. 0676